ANUNCIO AUDITORÍA AUGAS

En relación coa solicitude de subvención presentada por este Concello ao abeiro da Resolución do 10 de febreiro de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos e ás entidades locais menores, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, (DOG, núm. 37, do 25 de febreiro de 2026), procedemento AU301C, por Resolución desta Alcaldía acordouse aprobar o documento denominado, AUDITORÍA MUNICIPAL DO SISTEMA DE ABASTECEMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA NO CONCELLO DE MONFERO 2026, cun orzamento total por importe de 4.944,06 €, no que consta que o volume total de perdas de auga é de 360,00 m³/ano e a porcentaxe de perdas: 10,06 % do volume total de auga captada.

Así mesmo, indícase que os datos da auditoría son estimacións, dada a ausencia de dispositivos de medición suficientes nas redes municipais.

Dando cumprimento á Disposición adicional segunda da Lei 9/2019 de garantía do abastecemento, procédese á publicación da citada AUDITORÍA MUNICIPAL DO SISTEMA DE ABASTECEMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA NO CONCELLO DE MONFERO 2026 que inclúe os datos da porcentaxe de perda de auga resultado da auditoría realizada.

Asina en Monfero o Alcalde en funcións: Alberto Cortizas Rejo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 1jOyQzmT6h+CieKJEuZb Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/